



## BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE UN/HA PROFESOR/A DE GUITARRA PARA O CONSERVATORIO MUNICIPAL (PERSOAL LABORAL TEMPORAL)

### Primeira. Normas xerais

O obxecto das presentes bases é a provisión, mediante o sistema de oposición libre dun posto de profesor/a de guitarra para o Conservatorio Municipal (Persoal Laboral Temporal).

### Segunda. Condicións

O carácter do contrato será temporal, segundo o establecido na Disposición adicional cuarta do Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, é dicir para cubrir temporalmente o posto de traballo ata que finalice o proceso de selección para a súa cobertura definitiva, de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade e nos termos establecidos na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

O contrato será de duración determinada por substitución a tempo parcial (19h semanais).

As retribucións a percibir serán as que figuran na RPT en vigor para o posto obxecto da convocatoria.

### Terceira. Condicións de admisión das persoas aspirantes

Para poder participar nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público:

1. Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público como persoal funcionario en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:
  - As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
  - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
  - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
  - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
  - As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.





2. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
3. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
4. Estar en posesión do título Superior de Música na especialidade de Guitarra (Real Decreto 631/2010, do 14 de maio; Real Decreto 617/1995, do 21 de abril); título de Profesor Superior ou título de Profesor do plan de estudos que regula o Decreto 2618/1966, do 10 de setembro ou en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de admisión de instancias.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título. Este requisito non se lles aplicará ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

5. Non estar separado/a mediante un expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida o acceso ao emprego público no seu estado nos mesmos termos.
6. Que non fora condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

Todos os requisitos esixidos nos apartados anteriores deberán posuílos os aspirantes no día de remate do prazo para a presentación da solicitude e conservalos, alomenos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral, no seu caso.

#### **Cuarta. Forma e prazo de presentación de solicitudes**

1. As persoas que desexen participar nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ao Alcalde do Concello da Estrada. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais da persoa solicitante, o seu enderezo e a denominación da praza convocada a que opta. Farase constar expresamente que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base terceira da convocatoria, para o que cumprirá achegar a seguinte documentación :
  - 1) Documento Nacional de Identidade
  - 2) Título esixido ou xustificante de ter aboado os dereitos para a súa expedición
  - 3) O certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (Celga 4 ou equivalente).
  - 4) O xustificante do pagamento das taxas de inscrición. A cantidade que se deberá aboar será de 20,00 €, que se pagarán na Tesourería Municipal ou a través do seguinte





número de conta bancario da entidade BBVA: ES17 0182 6246 3202 0036 0191. No xustificante de ingreso terá que figurar o DNI da persoa candidata á praza. Non obstante, no Rexistro Xeral do Concello da Estrada facilitaráselles ás persoas interesadas un modelo de solicitude redactado segundo se recolle no anexo das presentes bases.

Segundo a Ordenanza fiscal núm. 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, nos procedementos de selección de persoal, non se lles esixirá o pagamento polos conceptos “dereitos de exame” e “compulsas” ás persoas desempregadas que figuren como demandantes de emprego, sempre que o acrediten por medio da certificación emitida polo Instituto Nacional de Emprego ou do servizo homólogo da comunidade autónoma.

No Rexistro Xeral do Concello da Estrada así como na páxina web [www.aestrada.gal](http://www.aestrada.gal) facilitaráselles ás persoas interesadas un modelo de solicitude redactado segundo se recolle no anexo das presentes bases.

2. O prazo para a presentación de instancias, no rexistro xeral do concello (Praza da Constitución nº1, 36680 A Estrada), ou de xeito telemático na Sede Electrónica do Concello da Estrada <https://aestrada.sedelectronica.gal/info.0> ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, será de DEZ (10) DÍAS NATURAIS contados desde o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Se o derradeiro día fose inhábil o prazo rematará ao seguinte día hábil.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas antes de ser certificadas.

No caso de que se remita a documentación por correo postal ou mediante presentación no rexistro doutra Administración que careza de Sistema de Intercambio de Rexistros (SIR) aconséllaselles ás persoas aspirantes que comuniquen a presentación da instancia conforme ao modelo do Anexo II das presentes bases onde conste o selo coa data de presentación mediante un correo electrónico ao enderezo [persoal@aestrada.gal](mailto:persoal@aestrada.gal), durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

3. A documentación a que se refiren os apartados anteriores poderá ser presentada en copia simple do orixinal. Non obstante conforme establece o artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, o Concello da Estrada cando considere que existe dúbidas derivadas da calidade da copia, poderá solicitar o cotexo das copias aportadas polas persoas interesadas, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

En todo caso as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

4. As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixeron constar na súa solicitude, aínda que os erros de feito que se puideren advertir poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a petición dunha parte.





#### **Quinta. Publicidade.**

As bases do presente proceso selectivo publicaranse íntegramente no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica, na páxina web do concello <http://www.aestrada.gal/index.php/gl/tramites/contratacion-de-persoal>, así coma no Portal de Transparencia <https://aestrada.sedelectronica.gal/transparency>.

Os resultados das probas, as convocatorias de exames, citacións e emprazamentos aos aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo a través do taboleiro de anuncios do concello e na web municipal, <http://www.aestrada.gal/index.php/gl/tramites/contratacion-de-persoal>, medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no argo 45.1. b) da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario; non obstante o concello se o estima oportuno poderá utilizar ademais outros medios de publicación ou comunicación.

#### **Sexta. Admisión de aspirantes**

1. Unha vez rematado o prazo dos 10 días naturais fixado para a presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará unha resolución relativa á aprobación da lista de persoas admitidas e excluídas, en que se especificarán, de ser o caso, os motivos de exclusión. A resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios da Sede electrónica e na web municipal. No caso de non existir persoas excluídas, a lista será considerada como definitiva.
2. No caso de existir persoas aspirantes excluídas, dispoñerán dun prazo de tres días, contados a partir do día seguinte ao da publicación do acordo, para poderen emendar o defecto que deu motivo á exclusión.

#### **Sétima. Tribunal cualificador**

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes. O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, polo que non se poderá realizar en representación ou por conta de ninguén.

Estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais cos/as seus/súas correspondentes suplentes.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir e comunicarllo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, para o mesmo corpo e especialidade. Así mesmo as persoas aspirantes poderán recusar os membros do Tribunal cando neles concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015. Unha vez constituído o Tribunal tamén poderán incorporarse os outros vogais titulares que non concorren á sesión constitutiva e, de ser o caso, os suplentes.

De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público o tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia.





Nas sesións que celebre o tribunal a distancia os seus membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que as suplan legalmente, o contido das súas manifestacións, o momento nas que estas se produzan, así como a interactividade e intercomunicación en tempo real entre eles e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

O tribunal de selección poderá, se o considera oportuno, valerse de especialistas sobre unha determinada materia que actuarán con voz pero sen voto e os que poderán emitir cantos informes ou ditames lles solicite o tribunal, non sendo tales informes de carácter vinculante.

Os membros do Tribunal que asistan ás súas sesións, percibirán dietas pola súa asistencia, na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

#### ***Oitava.- Procedemento de selección dos aspirantes.***

Os/as interesados/as presentaranse no lugar, día e hora, fixados no intre da publicación da relación de admitidos e excluídos, aos efectos de levar a cabo o seguinte exercicio obrigatorio que constará de 2 partes:

##### **Parte teórica:**

Consistirá no desenvolvemento por escrito de un tema do programa que se acompaña á convocatoria, elixido polo aspirante de entre cinco extraídos ao chou polo tribunal, inmediatamente antes de comenazar a proba. Para a realización de este exercicio escrito, os aspirantes disporán dun máximo de unha hora, tendo ampla liberdade en canto á forma de exposición.

##### **Parte práctica:**

Consistirá na interpretación dunha obra de libre elección por parte do aspirante e na impartición dunha clase de duración máxima de 30 minutos.

#### **Proba de galego**

Os/as aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 4 ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.

Quedarán exentos/as, así mesmo, de realizar a proba específica os/as aspirantes que opten por realizar o exercicio obrigatorio na lingua galega. Os/as restantes opositores/as terán que realizar unha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Serán cualificados como aptos/as os/as aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa serán considerados non aptos.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

#### ***Novena. Cualificación final***

O exercicio, obrigatorio e eliminatorio, será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima media de cinco puntos. Para elo será necesario obter unha cualificación mínima en cada parte (teórica e práctica) de 2,5 puntos.





Finalizado o proceso selectivo o tribunal fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal, a relación definitiva dos aspirantes aprobados pola orde da puntuación obtida.

No caso de empate nas puntuacións totais de dúas ou máis persoas aspirantes, a situación resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na parte teórica do exercicio obrigatorio. Se isto non fora suficiente, resolverase mediante un sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

Elaborarase unha lista de suplentes con todas as persoas aspirantes que superen as dúas partes do exercicio obrigatorio, por orde decrecente de puntuación, de xeito que a mesma sirva para aqueles supostos en que sexa preciso realizar unha nova contratación, no caso de que algún dos aspirantes inicialmente propostos para a súa contratación renunciase á mesma ou non acreditase estar en posesión dos requisitos esixidos, etc.

#### ***Décima. Achega de documentos por parte das persoas opositoras aprobadas***

A persoa aspirante proposta deberá achegar, dentro do prazo máximo de 3 días naturais contados desde a publicación da listaxe de persoas aprobadas, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- Certificado/Informe médico de non padecer enfermidade que inhabilite para o exercicio da función.
- Declaración xurada sobre o cumprimento dos requisitos para ser contratado.
- Certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.
- Copia da tarxeta da afiliación á seguridade social.
- Certificado de número de conta bancaria.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, suporá que o aspirante non poderá ser contratado e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

#### ***Décima primeira. Formalización do contrato***

Unha vez concluído o proceso selectivo, a persoa aspirante aprobada será contratada unha vez que xustifique documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos para o ingreso.

#### ***Décima segunda. Carácter vinculante das bases***

As bases desta convocatoria vinculan a administración municipal, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes que participan no proceso selectivo convocado.

#### ***Décima terceira. Incidencias e recursos***

As presentes bases e a convocatoria poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e coa resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Contra a resolución de alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa,





poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, segundo o art. 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o Alcalde-Presidente, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo (artigos 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). Transcorrido o prazo de un (1) mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se teña recibido notificación da resolución do mesmo este se poderá entender desesado conforme ao previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, modificado polo Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo e o Convenio colectivo do persoal do concello (de ser o caso).

#### ***Décima cuarta. Protección de datos de carácter persoal.***

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle a aqueles aspirantes que presenten a súa solicitude para participar no presente procedemento de selección de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DA ESTRADA.

Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Os aspirantes terán dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento.

A Estrada, á data da sinatura dixital

O alcalde

José C. López Campos





## ANEXO I. TEMARIO

- 1.- A Constitución Española de 1978. Características, estrutura e contido. A reforma constitucional.
- 2.- Os dereitos fundamentais: evolución histórica e conceptual. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.
- 3.- A Monarquía Parlamentaria. A Coroa: significado e retribucións. O referendo.
- 4.- As Cortes Xerais: referencia ao Defensor do Pobo.
- 5.- O Goberno. Funcións e potestades. Composición, designación e remoción do Goberno e o seu Presidente.
- 6.- O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia: exclusivas, concorrentes e de execución da lexislación do Estado.
- 7.- A organización territorial do Estado: regulación constitucional. Distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas.
- 8.- O Parlamento de Galicia: composición, funcións e potestades.
- 9.- O Goberno de Galicia. O presidente da Comunidade e o Consello da Xunta. Composición, designación e remoción. As Consellerías: estrutura básica.
- 10.- Réxime Local Español. Regulación constitucional e normativa xurídica. Liñas xerais de organización do municipio e provincia.
- 11.- O Municipio. Concepto. Elementos. O termo municipal. A Poboación municipal. A organización municipal. As competencias municipais.
- 12.- O termo municipal. A poboación. O Padrón de habitantes.
- 13.- Organización e competencias municipais. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados locais.
- 14.- Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime disciplinario do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- 15.- Historia xeral da guitarra: orixes e antecedentes. Evolución histórica desde as súas orixes ata a actualidade. Diferentes escolas de construción.
- 16.- A guitarra moderna: Descrición dos seus elementos característicos. Mantemento, conservación e accesorios. Aspectos fundamentais na elección do instrumento.
- 17.- Características sonoras do instrumento. Principios físicos da produción sonora en instrumentos de corda pulsada. Peculiaridades derivadas do modo de produción do son.
- 18.- Afinación. Fundamentos teóricos dos sons harmónicos. Harmónicos naturais e artificiais Formas convencionais e non convencionais de produción sonora.
- 19.- Técnicas de concienciación corporal: relaxación física e mental, concentración, hábitos posturais, respiración, control e visualización mental, medo escénico.
- 20.- Aspectos anatómicos e fisiomecánicos máis importantes en relación coa técnica da guitarra. Posicionamento do corpo e do instrumento
- 21.- Técnica da guitarra: principios fundamentais. A función das distintas partes de cada brazo na técnica da guitarra.







- 22.- A Técnica moderna da guitarra: principios fundamentais. Contribución ao desenvolvemento da técnica moderna dos grandes instrumentistas e pedagogos.
- 23.- Evolución das diferentes escolas e métodos específicos dos instrumentos de corda pulsada. Estudo comparativo das concepcións estéticas, teóricas e técnicas das distintas escolas.
- 24.- Os distintos métodos, coleccións de estudos, exercicios e outros materiais pedagóxicos. Valoración da súa utilidade para a aprendizaxe dos distintos aspectos da técnica. Bibliografía especializada relacionada co instrumento e a súa didáctica.
- 25.- O repertorio de vihuela: o seu estilo e notación. Tabladuras, criterios de transcripción e edición.
- 26.- O repertorio guitarrístico renacentista: o seu estilo e notación. Tablaturas, criterios de transcripción e edición.
- 27.- O repertorio de laúd renacentista: o seu estilo e a súa notación. Escolas nacionais. Tablaturas, criterios de transcripción e edición.
- 28.- O repertorio da guitarra barroca: o seu estilo e notación. Escolas nacionais. Tablaturas, criterios de transcripción e edición.
- 29.- Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio para laúd no barroco. Tablaturas, criterios de transcripción. A obra para laúde de J. S. Bach.
- 30.- Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio guitarrístico da segunda metade do século XVIII. Criterios de transcripción para guitarra de seis cordas.
- 31.- Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio guitarrístico clásico-romántico I: A escola española.
- 32.- Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio guitarrístico clásico-romántico II: Escolas non españolas.
- 33.- Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio guitarrístico da segunda metade do século XIX.
- 34.- Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio guitarrístico da primeira metade do século XX. A influencia de A. Segovia.
- 35.- Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio da guitarrístico dende a segunda metade do século XX ata a actualidade. Novos recursos compositivos, formais, interpretativos e de notación.
- 36.- Práctica de grupo nas ensinanzas elementais. Programación de actividades colectivas neste nivel: repertorio, conceptos relacionados coa linguaxe musical, técnica de interpretación en grupo, audición, improvisación e outros aspectos.
- 37.- Práctica grupo nas ensinanzas profesionais. Programación de actividades colectivas neste nivel: repertorio, conceptos relacionados coa linguaxe musical, técnica de interpretación en grupo, audición, improvisación e outros aspectos.
- 38.- A música de cámara nas ensinanzas profesionais. Programación desta materia: repertorio, análise, técnica de interpretación en grupo, audición, improvisación, lectura a vista e outros criterios pedagóxicos para a elección do repertorio.
- 39.- A guitarra como instrumento de acompañamento, tanto nas tradicións populares como na música culta. Características do repertorio e da súa interpretación.
- 40.- A transcripción: conceptos xerais, antecedentes históricos e criterios de interpretación das





transcricións.

41.- Transcricións do repertorio doutros instrumentos e de distintas agrupacións instrumentais.

42.- Descrición e estudo comparativo dos sistemas metodolóxicos máis importantes de iniciación ao instrumento. Criterios didácticos para a selección de repertorio no nivel inicial.

43.- Criterios didácticos para a selección do repertorio nas ensinanzas elementais e profesionais.

44.- A creatividade. A creatividade aplicada a todos os aspectos do desenvolvemento instrumental: Técnica, capacidade expresiva ou comunicativa, intelixencia musical e personalidade artística.

45.- O desenvolvemento da creatividade do espírito emprendedor: calidades, habilidades, actitudes e valores que engloba o espírito emprendedor.

46.- Métodos de traballo e desenvolvemento da autonomía no estudo. O desenvolvemento da capacidade do alumno para atopar as súas propias solucións ás dificultades do texto musical. Estratexias axeitadas.

47.- Principios da improvisación no instrumento: recursos, materiais e procedementos. Aplicación á realización de cifrados e ao acompañamento de melodías. A improvisación dirixida ou libre. Uso de novas linguaxes e notacións na improvisación.

48.- Lectura a primeira vista. Técnicas, estratexias, análise aplicada, métodos. Simplificación ou redución da partitura. Criterios para a selección do material axeitado en cada nivel.

49.- A memoria. A educación da memoria como base para a formación do oído interno e o seu desenvolvemento progresivo. Memoria sensorial.

50.- Tipos de memoria. Factores no uso da memoria. A memoria como elemento imprescindible nos distintos aspectos que conforman o estudo do instrumento. Técnicas de memorización.

51.- A interdisciplinariedade nos estudos de guitarra. A relación entre as distintas materias do currículo.

52.- A música como patrimonio cultural histórico-artístico. A relación da música coas correntes estéticas e coas outras artes.

53.- Responsabilidade do profesor na súa valoración, conservación e transmisión ás xeracións actuais e futuras.

54.- As tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao ensino e aprendizaxe do instrumento. Importancia do uso de software musical e da selección de recursos de Internet.





**SOLICITUDE DE ADMISIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE UN/HA PROFESOR/A DE GUITARRA PARA O CONSERVATORIO MUNICIPAL (PERSOAL LABORAL TEMPORAL)**

Datos da persoa solicitante:

Nome e apelidos:		DNI/CIF:	
------------------	--	----------	--

e, na súa representación:

Nome e apelidos:		DNI/CIF:	
------------------	--	----------	--

Enderezo para os efectos de notificación:

Lugar/rúa:		Núm.:		Andar:		Porta:	
Parroquia:		Código postal:		Concello:			
Provincia:		Teléfono de contacto:		Correo electrónico:			

EXPOÑO:

Que son coñecedor/a do anuncio da convocatoria para a contratación dun/ha profesor/a de guitarra para o Conservatorio Municipal, segundo bases publicadas no Bop n.º \_\_\_\_\_.

Que reúno todas as condicións esixidas nas bases da convocatoria.

Que xuro/prometo que non me separaron do servizo das administracións públicas nin estou inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

Que xuro/prometo que non estou incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade conforme a lei vixente.

Por isto, SOLICITO:

Que se me admita para realizar as probas do proceso selectivo indicado.

ANEXOS:

- DNI
- Título esixido
- Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (Celga 4 ou equivalente).
- Xustificante do pagamento das taxas de inscrición/ certificado de exención

A Estrada, de de 2022

(sinatura da persoa solicitante)

